



2010 ANO DA BIODIVERSIDADE



IES FRANCISCO ASOREY- Adela Leiro

QUE É A BIODIVERSIDADE ?

“A biodiversidade é a variabilidade de organismos vivos de calquera fonte, incluídos, entre outras cousas, os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas”.

(Convenio da Diversidade Bioloxica, Río 1992)

A DIVERSIDADE COMPRENDE:

- A variedade de ecosistemas: diversidade de comunidades biolóxicas que constitúen a biosfera
- A variedade de especies
- As diferencias xenéticas dentro de cada especie

A DIVERSIDADE EN CIFRAS:

1.750.000 especies descritas:

- 1.320.000 especies de animais
- 270.000 especies de plantas

Estímase a existencia de 5 a 10 millóns de especies...15 millóns ... 30 millóns ...?

Só se coñecen algo máis do 10 % das que existen.

AMEAZAS PARA A BIODIVERSIDADE

- Sobreexplotación: caza, pesca, tráfico de especies...
- Perda ou fragmentación de hábitats: deforestación, incendios, infraestruturas...
- Contaminación
- Introducción de especies invasoras
- Tranxénicos...

A actividade humana multiplica por 1.000 a taxa “natural” de extinción.

EXTINCIÓNS MÁIS IMPORTANTES

NO PASADO

O 99% das especies que alguna vez existiron na Terra extinguíronse

1-Ordovícico (hai 440 millóns de anos). 75% das especies animais

2-Devónico (hai 370 millóns de anos)

3-Pérmico (hais 250 millóns de anos): 90% dos animais mariños

4-Triásico (hai 210 millóns de anos):

5: Cretácico (hai 65 millóns de anos): 33% dos animais (dinosaurios e outros)

ACTUAIS

A extinción actual é a única provocada polo ser humano.

É máis intensa e rápida que calquera das cinco anteriores.

Desde o 1600 certificouse a extinción de:

- 440 animais
(85 mamíferos, 113 aves)
- 384 plantas

- Máis do 50% destas extincións tiveron lugar no século XX

“LISTA VERMELLA DE ESPECIES AMENAZADAS 2004”

- **Máis de 15.000 especies baixo algún tipo de ameaza**
- **23% dos mamíferos**
- **12% das aves**
- **31% dos anfibios**
- **Máis do 30% de reptís e peixes**
- **Existen poucos datos dos invertebrados**

AS ESPECIES MÁIS ESCASAS

- Golfiño do río Yangtzé** (*Lipotes vexillifer*). Posiblemente extinto.
- Equidna de Richard Attenborough** (*Zaglossus bruijini*). Montañas do centro de Papúa. Desde 1961 só foi capturado un exemplar.
- Coello ribereño de Sudáfrica** (*Bunolagus monticularis*), só quedan 250 exemplares nunha finca particular.
- Alquimí de Cuba** (*Solenodon cubanus*). Críase extinto ata que se capturou un exemplar en 2003.
- Alquimí da Española** (*Solenodon paradoxus*). Haití.
- Rinoceronte de Sumatra** (*Dicerorhinus sumatrensis*). Menos de 300 exemplares.
- **Rinoceronte negro** (*Diceros bicornis*), tres das catro subespecies están en perigo crítico.
- Rinoceronte de Xava** (*Rhinoceros sondaicus*). 60 exemplares.
- Camelo bactriano** (*Camelus bactrianus*). Posiblemente extinto.
- Uombat de nariz peluda** (*Lasiorhinus krefftii*). Só sobrevive unha colonia duns poucos exemplares.
- Coello raiado de Sumatra** (*Nesolagus netscheri*), un único avistamento confirmado desde 1972.
- Rato de augua etíope** (*Nilopegamys plumbeus*) crese que só queda un exemplar.
- Insecto pau da Illa Lord Howe** (*Dryococelus australis*), críase extinto, agora coñécense 50 exemplares.
- Rato de Bavaria** (*Microtus bavaricus*). críase extinto, agora coñécense varios exemplares.
- Gorila de montaña** (*Gorilla gorilla*). 720 exemplares.
- Lince ibérico** (*Lynx pardinus*). 200 exemplares entre Doñana e Serra Morena.

ALGUNHAS ESPECIES QUE CORREN PERIGO DE EXTINCIÓN

- Bolboreta monarca** (*Danaus cleophile*). Degradación do hábitat.
- Pingüín de Magallanes** (*Spheniscus magellanicus*). Polos cambios nas temperaturas e as correntes, están desaparecendo os peixes dos que se alimenta.
- Atún vermello** (*Thunnus thynnus*). Sobrepesca.
- Morsa del Pacífico** (*Odobenus rosmarus divergens*). Víctima do cambio climático.
- Oso Polar** (*Ursus maritimus*). Moi afectado polo cambio climático.
- Tigre** (*Panthera tigris*). Só lles queda dispoñible o 7% del territorio orixinal no que vivían. Tigre de Siberia (3.200)
- Panda xigante** (*Ailuropoda melanoleuca*).
- Tartaruga de coiro** (*Dermochelys coriacea*). Apenas quedan 2.300 exemplares.
- Águia imperial** (*Aquila adalberti*) (150 parellas)
- Guacamaio escarlata** (*Ara macao*): comercio ilegal como mascota.
- Crocodilo do Nilo** (*Crocodylus niloticus*)

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE	PROTECCIÓN DE HÁBITATS:	-Espazos protexidos -Normativas ambientais -Corredores ecolóxicos
	PROTECCIÓN DAS ESPECIES:	-Catálogos de especies protexidas -Normativas: caza, pesca, recolección... -Control de tráfico ilegal -Agricultura ecolóxica Especies prioritarias: <ul style="list-style-type: none"> • As que son únicas ou teñen unha área de distribución limitada. • As migratorias • As que corren perigo de desaparecer por ter un número escaso ou perigar os seus hábitats. <p>A estas especies está prohibido matalas, danalas, molestalas, capturalas e apañar os seus ovos, crías, flores ou sementes.</p>

	ESPECIES VULNERABLES	ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN	ESPECIES EN PERIGO CRÍTICO DE EXTINCIÓN (CR)
ANIMAIS	4.309	2.448	1.665
PLANTAS	4.602	2.280	1.575
ALGAS PARDAS			4
FUNGOS			1 BASIDIOMICETE Cogomelo de cana (<i>Pleurotus nebrodensis</i>) 1 LIQUE Lique de Felt boreal (<i>Erioderma setaceum</i>)

CATEGORÍAS NA LISTA VERMELLA	
	<div style="display: flex; justify-content: space-around; align-items: center;"> <div style="text-align: center;"> <p>extinta</p> <p>EX EW</p> </div> <div style="text-align: center;"> <p>ameazada</p> <p>CR EN VU</p> </div> <div style="text-align: center;"> <p>preocupación menor</p> <p>NT LC</p> </div> </div>
EXTINTA	EX: extinta EW: extinta en estado silvestre
AMEAZADA	CR: en perigo crítico de extinción EN: en perigo de extinción VU: vulnerable
BAIXO RISCO (LR)	LC: preocupación menor NT: case ameazada
outras	CD: dependente de conservación DD: datos insuficientes NE: non evaluable

[Lista Roja de la UICN.](http://medioambiente.xunta.es/espazosNaturais/biodiversidade.jsp)

<http://medioambiente.xunta.es/espazosNaturais/biodiversidade.jsp>

DATOS E CURIOSIDADES SOBRE A DIVERSIDADE

OS AMBIENTES

BIOMAS

ECOSISTEMAS

867 Ecorrexións

OCÉANOS: ocupan o 71% da superficie da Terra

-océano máis grande: Pacífico: 165.700.000 km², 15.000 km (N-S) e 19.800 (E-O).

-LUGAR MÁIS PROFUNDO: Foa das Marianas, con 11.033 m.

-Hai descritas máis de 250.000 especies mariñas e cada ano descúbrese 2.000 novas.

-O fitoplanto mariño produce o 50% do osíxeno do planeta.

As reservas dos grandes caladoiros son un 10% das que había a comezos do século XX. Os ecosistemas mariños máis sensibles son os arrecifes de coral e as pradeiras submariñas. Perden biodiversidade a unha velocidade cinco veces superior aos bosques tropicais.

Os ecosistemas máis sensibles son os arrecifes de coral e as pradeiras submariñas.

MONTAÑAS: ocupan o 24% da litosfera

-montaña máis alta do mundo: Everest (8.884 m)

-montaña máis alta de Galicia: Pena Trevinca (2.117 m)

-cordilleira máis longa: Andes, 7.500 km

DESERTOS: ocupan 50 millóns de km², 1/3 dos continentes. Fríos (47%)
quentes (53%)

-deserto máis grande: Sahara: 9.065.000 km².

SELVAS: son o hábitat de 2/3 da diversidade do planeta (moita sen decubrir) e producen o 28% do osíxeno que consumimos

-selva máis extensa: Amazonia: 7.000.000 de km²

-As fragas son os ecosistemas con maior biodiversidade de Galicia.

A Devesa de Rogueira (O Courel) é un dos bosques máis ricos en biodiversidade de Galicia e da Península Ibérica

RÍOS:

-río máis grande e caudaloso do mundo: Amazonas 6.762 km e 1/5 da auga doce que se verte aos océanos

-río máis grande de Galicia: Miño, 307,5 km

TEÑEN ALGÚN TIPO DE PROTECCIÓN:

-o 10% da superficie terrestre

-o 0,1% do mar.

MONERAS

BACTERIAS 10.000.000 especies, a maioría por describir ?	Son os organismos máis abundantes do planeta <ul style="list-style-type: none">• No mundo hai aproximadamente 5×10^{30} bacterias.• Nun gramo de terra pode haber 40 millóns de bacterias.• Nun mililitro de auga pode haber un millón de bacterias.• No corpo dunha persoa hai dez veces máis bacterias que células humanas. A maioría son beneficiosas. <p>-BACTERIA MÁIS GRANDE: <i>Thiomargarita namibiensis</i> Visible, do tamaño dun punto. Descuberta na costas de Namibia por unha expedición do buque oceanográfico ruso 'Petr Kottsov'.</p> <p>200 BACTERIAS PATÓXENAS Persoas e animais: cólera, tifo, sífile, lepra, difteria, escarlatina, tuberculose, leixonela, neumonía, tétanos, carbuncho, mastite... Plantas: necrose bacteriana, escobas de bruxa... <i>Mycobacterium tuberculosis</i>: 2.000 millóns de infectados no mundo, 8 millones de de novos casos cada ano. Case 2 millóns de morto ao ano.</p>
CIANOBACTERIAS +2.000 especies	-Principais produtores primarios da biosfera durante máis de 1.500 millóns de anos. -Seguen a ser tamén os principais subministradores de nitróxeno para as cadeas tróficas mariñas.

PROTISTAS

PROTOZOOS 50.000 a 300.000 especies	PROTOZOOS PREXUDICIAIS: (20 ESPECIES) - <i>Plasmodium</i> : causa a malaria ou paludismo, unha enfermidade dos glóbulos vermellos do sangue. Transmíteo a femia do mosquito Anopheles. 300 a 500 millóns de enfermos por ano e 3 millóns de mortos. - <i>Trypanosoma gambiense</i> : causante da enfermidade do sono. Trasmíteo a mosca tsé-tsé. - <i>Trichomonas</i> : causante de varias enfermidades, na boca, intestino, vaxina.
ALGAS 36.000 a 200.000 especies GALICIA: +1.500	-ALGA MÁIS GRANDE: Kelp, argazo xigante, huiro (<i>Macrocystis pyrifera</i>). Vive na costa do Pacífico de América do Norte e nas augas subantárticas de América do Sur, Sudáfrica e Nova Celandia. Acada ata 60 m de lonxitude. -Alga máis grande de Galicia: Golfo: <i>Laminaria ochroleuca</i> : ata 3 m de lonxitude. O <i>Sargassum muticum</i> , alga invasora, pode acadar os 4 m -Diatomeas: algas microscópicas cubertas de sílice cunha gran diversidade de formas -Dinoflaxelados: algas pardas microscópicas tóxicas que producen as mareas vermellas.

PLANTAS

<p>BRIOFITAS 24.000 especies MUSGOS (BRIÓNS): 15.000 HEPÁTICAS: 8.500 ANTÓCEROS: 300</p>	<p>Nas turbeiras do Xistral atópase a mellor poboación de esfagnos (<i>Sphagnum phylaesi</i>) de península e unha das máis importantes do mundo.</p>	
<p>PTERIDOFITAS 12.025 especies</p>	<p>As Fragas do Eume é un dos espazos con maior variedade de brións e fentos de Galicia. Especies ameazadas: <i>Hymenophyllum wilsoni</i> (Perigo crítico de extinción) <i>Culcita macrocarpa</i> (perigo de extinción)</p>	
<p>ESPERMAFITAS OU FANERÓGAMAS</p> <p>80.000 especies en perigo de extinción, 1.665 en perigo crítico de extinción.</p>	<p>XIMNOSPERMAS 850 especies</p>	<p>-ÁRBORE MÁIS ALTA: secuoa vermella Hyperión (115 m) Galicia: Cuningamia do pazo de Gondomar (40 m) -SER VIVO MÁIS GRANDE: secuoa xigante (<i>Sequoiadendron giganteum</i>) "Xeral Sherman", do <i>Sequoia National Park</i>, en California. Con 83,8 m de altura, 11,1 m na base e copa ampla. -ÁRBORE MÁIS VELLA: pícea de 9.550 anos: Dalarna, en Suecia. Galicia: alcipreste de Samos: 500 anos. -ÁRBORE MÁIS GROSA: alcipreste de Oaxaca (México), 42 m de perímetro</p>
<p>ANXIOSPERMAS MONOCOTILEDÓNEAS: 50.000 especies DICOTILEDÓNEAS: 170.000: especies</p>	<p>-PLANTA CON FLORES MÁIS PEQUENA: lentella de auga: 0,6 mm.</p> <p>-ÁRBORE MÁIS ALTA: <i>Eucalyptus regnans</i> de Tasmania, con de 97 m Galicia: Eucalipto O "Avó" de Chavín: 70 m</p> <p>HERBA MÁIS GRANDE: bambú, pode acadar 15 m de altura.</p> <p>CACTUS MÁIS GRANDE: saguaro (México) 20 m de altura e 200 anos</p> <p>-FLOR MÁIS GRANDE: <i>Rafflesia arnoldii</i> (Borneo) : 105 cm de diámetro e 7 kg -INFLORESCENCIA MÁIS GRANDE: Aro xigante (<i>Amorphophallus titanum</i>) de Sumatra-Indonesia: 2,5 m de alto.</p> <p>-FROITO MÁIS GRANDE: cabaza, máis de 50 kg e 1 m de diámetro. -o da árbore <i>Artocarpus heterophyllus</i> que pode pesar ata 50 quilos.</p> <p>-SEMENTE MÁIS GRANDE: cocoteiro de mar: ata 27 kg</p> <p>-FOLLA SIMPLE MÁIS GRANDE: Victoria amazónica, ata 3 m de diámetro.</p>	

	<p>-FOLLA COMPOSTA MÁIS GRANDE: <i>Raphia farinifera</i> (Madagascar): 20 m.</p> <p>Baniano, figueira de Bengala (<i>Ficus benghaliensis</i>) acada o maior desenvolvemento horizontal. “<i>Thimmamma Marrimanu</i>”, localizado a 25 kilómetros da cidade india de Kadiri ocupa una superficie de 21.000 m². Soporta unha copa tan enorme grazas a máis de 1.100 raíces columnares. Ten máis de 550 anos. Considerada como árbore sagrada polos hindúes. Debaixo da súa copa instálanse templos e mercados.</p> <p>O ORGANISMO VIVO MÁIS GRANDE que se ten documentado é unha planta mariña (<i>Posidonia oceánica</i>), situada entre Ibiza e Formentera. Formado por 100 millóns de exemplares, mide 8 km de lonxitude, 700 km² e ten 100.000 anos.</p>
--	--

FUNGOS

<p>FUNGOS 100.000 a 1.500.000 especies</p> <p>GALICIA: 1.600 cogomelos 200 comestibles 10 mortais 30 perigosos</p>	<p>FUNGO MÁIS GRANDE: <i>Armillaria ostoyae</i>: ocupa 900 ha, con 1 m de grosor e ten uns 2.500 anos. Atópase nun bosque de Oregón (Parque Nacional Malheur)</p> <p>COGOMELO MÁIS GRANDE: <i>Macrocybe titans</i> (México): 20 kg, 70 cm de alto e 70 cm de diámetro</p> <p>LÉVEDOS <i>Saccharomyces cerevisiae</i> e <i>S. ellipsoideus</i> converten os azucres en alcohol etílico e dióxido de carbono: fermentacións do pan, viño, queixos...</p> <p>OS COGOMELOS MÁIS TÓXICOS: -Amanita phalloides (cicuta), a máis perigosa -Amanita virosa -Amanita verna -Cortinarius rubellus -Cortinarius orellanus</p> <p>-<i>Pleurotus nebrodensis</i>: cogomelo en perigo de extinción.</p>
<p>LIQUES 20.000 especies GALICIA: 900</p>	<p>Son importantes bioindicadores do estado do aire.</p> <p>Lique de Felt boreal (<i>Erioderma pedicellatum</i>), en perigo crítico de extinción</p>

ANIMAIS

<p>NEMATODOS 25.000 a 500.000 especies</p>	<p>Nun m² de lama chegaronse a contabilizar máis de catro millóns de individuos.</p> <p>ENFERMIDADES producidas por nematodos: Anisakiase (<i>Anisakis</i>) Ascariase (<i>Ascaris</i>) Triquinose (<i>Trichinella</i>)</p>
<p>PLATELMINTOS +20.000 especies e poden chegar a un millón.</p>	<p>A tenia solitaria humana <i>Diphyllobothrium latum</i> pode acadar os 18 metros. Vive enrolada no aparato dixestivo humano.</p>
<p>ANÉLIDOS 16.700 especies GALICIA: 500 poliquetos 1000 oligoquetos 6 sambesugas...</p>	<p>ANÉLIDO MÁIS GRANDE: Verme cordón de bota (<i>Lineus longissimus</i>) algúns chegaron a 60 m de lonxitude.</p> <p>MIÑOCA DE TERRA MÁIS GRANDE: miñooca xigante (<i>Microchaetus microchaetus</i>) do sur de África, pode acadar os 7 m de lonxitude.</p>
<p>ESPONXAS 6.000 especies (150 de auga dóce) GALICIA: 200</p>	<p>ESPONXA MÁIS GRANDE: Esponxa barril: <i>Xestospongia muta</i> (O Caribe). 2,4 m de alto e 2,4 de ancho</p>
<p>CNIDARIOS (CELENTÉREOS) 11.000 especies</p>	<p>AUGAMAR MÁIS GRANDE: Melena de león, <i>Cyanea capillata arctica</i> do Atlántico Norte: 2,3 m de diámetro con tentáculos de 36 m de lonxitude.</p> <p>OURIZO DE MAR MÁIS GRANDE: <i>Sperosoma giganteum</i> (Xapón): 32 cm de diámetro</p> <p>O animal máis venenoso do planeta é a augamar "véspera mariña" (<i>Chironex fleckeri</i>) de Australia. Ten 60 tentáculos de 3 m de lonxitude e cada un con suficiente veneno para matar a 60 personas.</p>
<p>EQUINODERMOS 7.000 especies GALICIA: 140</p>	<p>ESTRELA DE MAR MÁIS GRANDE:</p> <ul style="list-style-type: none"> -<i>Midgardia xandros</i>, do Golfo de México 1,38 metros de diámetro. -<i>Thromidia catalai</i> (Nova Caledonia): 6 Kg. -<i>Evasterias echinosoma</i> (Pacífico Norte) 96 cm de radio 5 Kg. <p>HOLOTURIA MÁIS LONGA: <i>Synapta maculata</i>, Ata 5 m de lonxitude.</p> <p>CRINOIDEO MÁIS GRANDE: <i>Heliometra glacialis</i> (noreste do Pacífico): 90 cm de diámetro.</p> <p>OURIZO MÁIS PESADO: <i>Heterocentrotus trigonarius</i></p>

<p>MOLUSCOS 100.000 especies GALICIA: 856 monoplacóforos: 1 poliplacóforos: 12 gasterópodos: 565 bivalvos: 216 cefalópodos: 56 escafópodos: 6</p>	<p>BIVALVO MÁIS GRANDE: <i>Tridacna derasa</i> (Pacífico Sur): 143 cm de lonxitude, 85 de ancho e 261 kg. -<i>Tridacna gigas</i> 132 cm de lonxitude e 330 kg. -Xeoduk, <i>Panopea abrupta</i>, das costas do Pacífico de norteamérica pode acadar os 7,5 Kg e 2 m de lonxitude (o sifón). Galicia: arola xigante <i>Panopea glycimeris</i> (a cuncha supera os 20 cm).</p> <p>GASTERÓPODO MÁIS GRANDE: <i>Tompeta (Syrinx aruanus)</i> das costas de Australia: 89 cm de lonxitude. Galicia: corno ou buxina (<i>Charonia rubicunda</i>): ata 40 cm de lonxitude.</p> <p>MOLUSCO TERRESTRE MÁIS GRANDE: Caracol terrestre africano (<i>Achatina fulica</i>), 25 cm de lonxitude e 200 gramos.</p> <p>CEFALOPODO MAIS GRANDE: Lura xigante (<i>Architeuthis dux</i>): 20 m de lonxitude Polbo xigante (<i>Octopus hongkongensis</i>) 9,7 m, 300 kg</p> <p>CEFALOPODO MAS VELENOSO: polbo de lunares azuis (<i>Hapalochlaena maculosa</i>), de Australia, ten unha saliva velenosa capaz de matar a 20 adultos humanos.</p>	
<p>ARTROPODOS</p>	<p>INSECTOS E OUTROS HEXÁPODOS +1.009.000 especies</p>	<p>INSECTOS MÁIS GRANDES: insecto pau xigante (<i>Pharnacia serratipes</i>), de Malasia e Singapur, a femia acada os 35 cm de lonxitude. -Bolboreta máis grande (Sudamérica): <i>Thysania agripina</i>, cunha envergadura alar de 30,5 cm. -Cucaracha máis grande: cucaracha xigante de Madagascar, <i>Gromphadorhina portentosa</i>, de 8 cm de lonxitude. -Escaravello Goliat (<i>Goliathus</i>) das selvas africanas. Ata 11 cm de lonxitude e 100 gr. -<i>Vespa mandarina japónica</i>, ata 5,5 cm.</p> <p>INSECTO MÁIS FORTE: escaravello rinoceronte <i>Oryctes nasicornis</i> (Europa), é capaz de soportar unha carga 30 veces maior que o seu propio peso durante unha hora. -As pulgas poden saltar 400 veces a súa altura.</p> <p>INSECTOS BENEFICIOSOS Abellas: 250.000 especies de plantas (moitas delas imprescindibles para o ser humano) dependen delas para a polinización.</p> <p>INSECTO MÁIS TÓXICO: formiga vermella (<i>Pogonomyrmex maricopa</i>)</p>
	<p>QUELICERADOS ARÁCNIDOS... 70.000</p>	<p>ARAÑA MÁIS GRANDE: migala de Leblondi, ou Tarantula Goliat, <i>Teraphosa leblondi</i>. As patas acadan os 28 cm e pode pesar ata 100 g.</p> <p>ARAÑA MÁIS TÓXICA Cténida brasileira, araña da bananeira (<i>Phoneutria nigriventer</i>), ten dificultades para ixectar o veneno nas persoas. A máis perigosa para as persoas é a viúva negra americana <i>Latrodectus mactans</i>.</p> <p>ESCORPIÓN MÁIS PERIGOSO Escorpion dourado israeli, <i>Leiurus quinquestriatus</i></p>

	CRUSTÁCEOS 67.000 especies	CRUSTÁCEO MÁIS GRANDE: centolo xaponés ou cangrexo araña xigante, <i>Macrocheira kaempferi</i> . As súas patas acadan os 4 m de lonxitude.
	MIRIÁPODOS 16.000 especies	MIRIÁPODO MÁIS GRANDE: escolopendra xigante (<i>Scolopendra Gigantea</i>) de 30 cm de lonxitude. O ANIMAL CON MÁIS PATAS: <i>Illacme plenipes</i> (ata 375 pares de patas)
VERTEBRADOS	PEIXES 27.977 especies	PEIXE MÁIS GRANDE: Tiburón balea (<i>Rhincodon typus</i>): 15 m de longitud. PEIXE MÁIS PEQUENO: Lorcho filipino (<i>Pandaka pygmatea</i>): 7,6 mm. PEIXE MÁIS RÁPIDO: peixe vela (<i>Istiophorus platypterus</i>): supera os 80 Km/h. -Atún: pode acadar 70 Km/h, 110 Km/h en percorridos curtos.
	ANFIBIOS 6.000 especies GALICIA: 15 En xeral todos teñen algún tipo de ameaza pola destrucción dos seus hábitats	ANFIBIOS MÁIS GRANDES: -Salamántiga xigante do Xapón (<i>Andrias japonicus</i>): 1,5 m. Pode vivir 180 anos. -Ra goliath (<i>Conraua goliath</i>): 33 cm e 3 kg. ANFIBIO MÁIS VELENOSO: ra punta de frecha (<i>Phyllobates terribilis</i>): ten veneno no seu corpo suficiente para matar a 10 persoas.
	RÉPTILES 9.000 especies GALICIA: 15	RÉPTIL MÁIS GRANDE: Crocodilo mariño (<i>Crocodylus porosus</i>): 1.300 kg e ata 6 m de lonxitude. As tartarugas xigantes da illas Galápagos poden vivir 150 anos. Unha tartaruga das illas Mauricio viveu 152 anos en cativeiro. O ANIMAL TERRESTRE MÁIS VELENOSO: serpe de Taipan <i>Oxyuranus microlepidotus</i> (desertos do centro-este de Australia): unha mordedura pode matar a unha persoa. Unha pinga de veneno pode matar a 12 persoas.
	AVES 9.792 especies GALICIA: 350 1.226 especies en perigo de extinción	AVE MÁIS GRANDE: Avestruz (<i>Struthio camelus</i>): 3 m de altura AVE MÁIS PEQUENA: zunzuncito cubano (<i>Mellisuga helenae</i>): non chega aos 5 cm AVE CON MAIOR ENVERGADURA: albatros viaxeiro (<i>Diomedea exulans</i>): 3,6 m AVE QUE PERCORRE MÁIS DISTANCIA NAS MIGRACIÓNS: carrán do Ártico (<i>Sterna paradisaea</i>), 35.000 Km (do Ártico ao Antártico ida e volta). AVE VOADORA MÁIS RÁPIDA: xirrio mongol (<i>Hirundapus caudacutus</i>): 171 km/h -Falcón peregrino (<i>Falco peregrinus</i>), a ave máis rápida en picado: 180 Km/h.

		<p>OVO MÁIS GRANDE O de avestruz: 1,8 kg, (15 cm de lonxitude e 13 cm de ancho) En relación co corpo: kiwi. AVE DOMÉSTICA MÁIS ABUNDANTE: galiña, máis de 13.000 millóns.</p>
	<p>MAMÍFEROS 5.416 especies GALICIA: 72 terra 24 mariños 1.000 especies en perigo de extinción</p>	<p>MAMÍFERO TERRESTRE MÁIS GRANDE: elefante africano (<i>Loxodonta africana</i>). Pode acadar 4,2 m de altura e máis de 12 tn. MAMÍFERO MARIÑO MÁIS GRANDE: rorcual azul (<i>Balaenoptera musculus</i>), 30 m de lonxitude e 180 tn. MAMÍFERO MÁIS PEQUENO Morcego abellón de Tailandia <i>Craseonycteris thonglongyai</i> 2 g e 3,4 cm de lonxitude ANIMAL TERRESTRE MÁIS VELOZ: guepardo, acada 120 Km/hora. ANIMAL MÁIS ALTO: xirafa (<i>Giraffa camelopardalis</i>): ata 6 m MAMÍFERO MÁIS LONXEVO A balea franca austral (<i>Eubalaena australis</i>) pode vivir 210 anos.</p>

POBOACIÓN MUNDIAL DALGÚNS MAMÍFEROS

Ser humano	6.909.000.000
rato	4.000.000.000
rata	4.000.000.000
bovinos	1.339.000.000
ovinos	1.083.000.000
cabra doméstica	375.000.000
can	300.000.000
gato	230.000.000
cabalo	60.000.000
chimpancé	200.000
gorila	130.000
orangután	27.000
oso polar	22.000
león	<30.000
lince ibérico	<200

O SER HUMANO	POBOACIÓN	MUNDO: 6.909.000.000 habitantes GALICIA: 2.796.089 habitantes CIDADE MÁIS GRANDE DO MUNDO: Tokio: 27.700.000 habitantes CIDADE MÁIS GRANDE DE GALICIA: Vigo: 297.332 habitantes
	CULTURAS	A cultura inclúe todas as habilidades e información que posúe o ser humano. Inclúe costumes, tradicións, prácticas, códigos, normas de comportamento, vestido, relixión, rituais, crenzas... Hai tantas formas de cultura como grupos humanos.
	LINGUAS	Existiron máis de 10.000, actualmente unhas 6.000 AS LÍNGUA MÁIS FALADAS Chino Mandarín: máis de 1.000 millóns Inglés: 512 millóns Hindi: 498 millóns Español: 391 millóns Ruso: 280 millóns Árabe: 245 millóns Bengalí: 211 millóns Portugués: 192 millóns Malaio-Indonesio: 160 millóns Xaponés: 125 millóns Na India fálanse 845 linguas.
	CURIOSIDADES	HOME MÁIS GRANDE -2,72 m (Illinois, EE.UU., morreu en 1940) -2,55 (Mongolia) -2,57 (Ucráina) MULLER MÁIS ALTA: 2,36 m (China) HOME MÁIS PEQUENO: 74 cm (China) recentemente falecido. MULLER MÁIS ALTA: 79 cm (China) O HOME MÁIS LONXEVO: 114 anos (Minessotta, EE.UU.) O MULLER MÁIS LONXEVA: 120 anos (China) O HOME MÁIS RÁPIDO: Usain Bolt (Xamaica) A MULLER MÁIS RÁPIDA: Shelly-Ann Fraser (Xamaica)
	PROBLEMAS	PRINCIPAIS CAUSAS DE MORTE: enfermidades coronarias e cancro. ENFERMIDADES A MÁIS COMÚN: diabete (arredor de 200 millóns) GRIFE: 100 millón de mortos (Gripe española entre 1918-1919: 40-90 millóns) VIH: 20/25 millóns de mortos PESTE: 200 millóns MALARIA: 2/3 millóns/ano Cada ano morren máis de 1,8 millóns de xóvenes de 15 a 24 anos por causas evitables. POBREZA

		<p>GUERRAS: máis de 30 activas no mundo</p> <ul style="list-style-type: none"> • 24.000 persoas morren de fame cada día. • 840 millóns de persoas están mal nutridas, 200 millóns son nenos menores de cinco anos. • 10 millóns de nenos menores de 5 anos morren cada ano no mundo, a metade en África. • Máis de 1.000 millóns de persoas viven na pobreza extrema (menos de 1 euro ao día). O 70% son mulleres. • Máis de 1.800 millóns de seres humanos non teñen acceso á auga potable. • millóns de persoas carecen de vivanda. • 880 millóns de persoas non teñen acceso a servizos básicos de saúde. • 2.000 millóns de persoas carecen dos medicamentos esenciais. <p>10 millóns de habitantes de África foron levados a América como escravos, entre 1600 e 1910.</p>
--	--	--

OS PAÍSES MÁIS POBOADOS DO MUNDO

		millóns de habitantes
1	China	1.330
2	India	1.173
3	Estados Unidos de América	310
4	Indonesia	243
5	Brasil	201
6	Pakistán	184
7	Bangladesh	156
8	Nigeria	152
9	Rusia	139
10	Xapón	127

POBOACIÓN DOS CONTINENTES

		Nº de habitantes (millóns)	Porcentaxe que representa a nivel mundial
1	Asia	3.995,70	60,40%
2	África	945,00	14,28%
3	América	913,00	13,80%
4	Europa	727,70	11,00%
5	Oceanía	33,90	00,51%